



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Personal

*Anuncio publicación das bases específicas que rexerán o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de 2 prazas de técnico/a superior de servizos sociais (subgrupo A1), C.E. 8/25*

##### ANUNCIO

Por Resolución do Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 20 de marzo de 2026, resolveuse autorizar a convocatoria e á aprobación das seguintes bases específicas:

**BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, DE 2 PRAZAS DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE SERVIZOS SOCIAIS (SUBGRUPO A1) DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA (C.E. 8/25)**

##### 1. OBXECTO

O obxecto destas bases específicas é ordenar o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, de 2 prazas de Técnico/a Superior de Servizos Sociais (subgrupo A1) da escala de Administración especial, subescala técnica (C.E. 8/25), incluídas nas OEP do ano 2023 e 2025, segundo se detalla:

o OEP do ano 2023 (BOP núm. 72 do 27/04/2023) 1 praza de acceso libre.

o OEP do ano 2025, (BOP núm. 81 do 30/04/2025) 1 praza de acceso libre.

Estas bases son complementarias ao procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para o acceso a prazas de persoal funcionario do Concello da Coruña aprobadas por resolución do concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior do 12/04/2023 (BOP núm. 73 do 18/04/2023).

##### 2. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de oposición.

##### 3. REQUISITOS

Para seren admitidas na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir, ademais dos esixidos nas bases xerais, os seguintes requisitos:

1. Posuír ou estar en condicións de obter a titulación universitaria oficial de grao ou licenciatura na rama das ciencias sociais e xurídicas ou equivalentes.

A efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron substituír ás titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e mantelos ata a data do seu nomeamento como persoal funcionario.

##### 4. SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello da Coruña (sede.coruna.gal) mediante o procedemento específico "Participación en probas selectivas", de conformidade co previsto na ordenanza reguladora da administración dixital do Concello da Coruña (BOP núm. 114 do 16/06/2023).

Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no BOE.

#### 4.1 Modelo de solicitude

As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o modelo específico de solicitude de admisión a probas selectivas dispoñible no seguinte enlace modelo 095 , na páxina web [www.coruna.gal](http://www.coruna.gal) ou nas oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello da Coruña.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes serán consultados polo Concello da Coruña. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento do idioma galego. as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude:

- Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

De conformidade co artigo 28 da LPAC as persoas aspirantes teñen dereito a non presentar a documentación que xa obre en poder do Concello da Coruña, este poderá consultar ou recadar a dita documentación salvo que as persoas interesadas se opoñan. A existencia da dita documentación debe ser alegada na solicitude de participación.

A falta de presentación da solicitude en tempo e forma supoñerá a non admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de idioma do exame, si o texto do exercicio deberá entregarse en galego ou en castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude os e as persoas aspirantes non poderán modificar a súa opción.

#### 4.2 Acceso na quenda de discapacidade

As persoas aspirantes con discapacidade poderán pedir no modelo oficial da solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios das probas do proceso selectivo a fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade. Neste suposto deberán achegar o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación de grao de discapacidade, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

súa orde de puntuación neste sistema.

#### 4.3 Pago de dereitos de exame

As persoas aspirantes deberán aboar unha taxa de 24,88 € de acordo coa Ordenanza fiscal núm. 1 reguladora da taxa por tramitación ou expedición de documentos administrativos.

O ingreso do importe da taxa poderá realizarse mediante autoliquidación da taxa na Oficina Virtual do Contribuínte (OVC) e posterior pago da autoliquidación en Autoliquidacións ([coruna.gal](http://coruna.gal)), en calquera banco, caixa de aforros ou cooperativa de crédito das que actúan como entidades colaboradoras na recadación tributaria, así como na oficina de recadación municipal situada na Rúa Franja, 20-22.

Estarán exentas do pago desta taxa:

- As persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego durante, polo menos, 6 meses antes da data da publicación da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a participación no BOP.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os documentos que se relacionan de seguido, que xustifican a exención no pago da taxa de dereitos de exame, serán obxecto de consulta nas bases de datos deste concello e doutras administracións públicas segundo proceda:

- Certificación de discapacidade da persoa solicitante
- Certificación expedida polo servizo público de emprego no que conste que a persoa aspirante figura inscrita como demandante de emprego polo menos desde os 6 meses anteriores á data de publicación da convocatoria das probas selectivas nas que solicita a participación

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta en virtude do disposto no artigo 28.2 da LPAC, deberán indicalo na casilla correspondente da solicitude e achegar unha copia destes certificados.

A falta de pagamento ou insuficiencia da taxa, cando non quede acreditado que a persoa aspirante cumpra cos requisitos para ter dereito á exención no pago, determinará a súa exclusión do proceso selectivo.

En ningún caso o pago da taxa dos dereitos de exame ou a xustificación da concorrencia de causa de exención no pago suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude específica de participación no proceso selectivo.

## 5. PROCEDEMENTO SELECTIVO

O proceso selectivo constará dunha fase de oposición.

Calquera referencia normativa do temario entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación no Boletín oficial da provincia da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario da convocatoria que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación no Boletín oficial da provincia da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As persoas aspirantes deberán acudir a todas as probas provistos do DNI ou documento equivalente que acredite a súa identidade.

Os aparellos electrónicos (teléfonos móbiles, axendas, auriculares, reloxos electrónica, etc.) están prohibidos dentro da sala onde teñan lugar as probas. O son dun aparello electrónico permitirá ao tribunal solicitar o baleirado de bolsas, mochilas e pezas de roupa para a súa localización. A negativa á petición do tribunal ou á localización do aparello provocarán a expulsión do/a opositor/a da proba e non se procederá á corrección do seu exercicio.

### 5.1 FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición constará de catro exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio.

**Primeiro exercicio:** Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 120 minutos, de 100 preguntas, máis 10 preguntas de reserva, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ao contido total do temario anexo a esta convocatoria.

Este cuestionario será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba.

A data de realización deste exercicio non terá lugar antes dos 2 meses posteriores á data de publicación desta convocatoria no BOP.

A puntuación de cada pregunta será a seguinte:

- 1) Cada resposta correcta puntuará un punto
- 2) Cada resposta incorrecta descontará 0,25 puntos
- 3) As preguntas deixadas en branco non descontarán puntuación

O exercicio será cualificado cunha nota final de 0 a 30 puntos, sendo necesario alcanzar unha nota mínima de 15 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta nota mínima serán eliminadas. Corresponderalle ao tribunal determinar a puntuación do cuestionario esixida para alcanzar esta nota mínima.

A nota final será calculada a partir dos puntos obtidos no cuestionario utilizando a seguinte fórmula:

$$N = 15 + 15 \frac{P - P_c}{100 - P_c}$$

Sendo:

P = puntos obtidos pola persoa aspirante no cuestionario

P<sub>c</sub> = Puntos de corte, isto é, puntos que debe conseguir a persoa aspirante para aprobar o exercicio. Serán determinados polo tribunal durante a corrección daquel.

N = nota final obtida pola persoa aspirante no exercicio (a cifra obtida aplicaráselle o redondeo estándar a dous decimais)

Ao finalizar o exercicio as persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa folla de respostas.

No prazo de 3 días hábiles desde a finalización da proba, o órgano de selección publicará na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas. As persoas inte-

resadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido e ao cadro de respostas correctas no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a súa publicación.

**Segundo exercicio:** Consistirá en resolver, nun tempo máximo de 120 minutos, un suposto práctico, a elixir entre dous propostos polo tribunal, relativo aos contidos das materias comprendidas na parte específica do temario anexo.

O enunciado dos supostos será elaborado polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto do suposto. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polos aspirantes, a formulación de conclusións, coñecemento e axeitada aplicación da normativa vixente e pragmatismo na resolución dos supostos. A ponderación de cada un destes criterios en cada un dos supostos será posto en coñecemento dos aspirantes con carácter previo á realización do exercicio. Así mesmo, no caso de poñerse varios supostos prácticos polo tribunal con distinta puntuación cada un deles, deberá indicarse no exercicio entregado a/o opositor/a, a puntuación de cada un deles e o desenvolvemento dos criterios de cualificación xerais determinados, de selo caso.

O tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización deste exercicio, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

Este exercicio será cualificado cun máximo de 40 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 20 puntos. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminados. O tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para acadar a devandita puntuación mínima de conformidade cos criterios anteriormente descritos.

As persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa resolución do exercicio.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións a este exercicio no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a publicación da súa puntuación.

**Terceiro exercicio:** Consistirá en desenvolver por escrito, durante un tempo máximo de 120 minutos, dous temas, a elixir entre catro, da parte específica do temario anexo a esta convocatoria. Os catro temas serán obtidos mediante sorteo público realizado polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio.

O tribunal valorará que as respostas se axusten aos contidos dos epígrafes dos temas elixidos, a estrutura da exposición, a claridade e orde das ideas, a precisión da linguaxe utilizada e a capacidade de síntese.

O exercicio será cualificado cun máximo de 30 puntos. Cada tema cualificarase cun máximo de 15 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 7,5 puntos en cada un deles para superalo. As persoas aspirantes que non acaden esta puntuación mínima serán eliminados. O tribunal determinará o nivel de coñecementos esixidos para acadar a devandita puntuación mínima de conformidade cos criterios anteriormente descritos.

Ao remate do exercicio as persoas aspirantes poderán levar unha copia da súa resposta.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións a este exercicio no prazo de 5 días hábiles contados desde o día seguinte a publicación da súa puntuación.

**Cuarto exercicio:** proba de coñecemento da lingua galega. Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten dentro do prazo de presentación de solicitudes estar en posesión do Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

O exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 60 minutos. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes da realización da proba. Este exercicio será cualificado como apto ou non apto, correspóndelle ao tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

## 6. CUALIFICACIÓN FINAL

A orde de prelación das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo realizarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas en cada un dos exercicios da oposición, non podendo superar o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante o anterior, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, o órgano convocante poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos referidos aos/ ás aspirantes que dentro do prazo fixado non presenten a documentación requirida ou que do seu exame se deduza que carecen dos requisitos indicados na base 3 desta convocatoria.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas que non resulten cubertas á finalización do proceso selectivo por non ser superado polo número suficiente de persoas aspirantes.

## 7. ACREDITACIÓN DOS REQUISITOS

Finalizado o proceso selectivo, o órgano de selección fará pública a relación de aspirantes que o superasen pola orde de puntuación alcanzada na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña, xunto coa proposta de nomeamento, nas prazas obxecto desta convocatoria, dun número de persoas igual ao número de prazas convocadas.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes polas persoas aspirantes propostas, serán consultados polo Concello da Coruña. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta en virtude do disposto no artigo 28.2 da LPAC, deberán indicalo na casilla correspondente da solicitude e achegar unha copia da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria no prazo de 20 días hábiles, desde o día seguinte ao desta publicación da súa proposta de nomeamento como persoal funcionario.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Esta documentación presentaranse por vía electrónica a través de rexistro electrónico dirixida ao Servizo de Recursos Humanos do Concello da Coruña, de conformidade co previsto na ordenanza reguladora da administración dixital do Concello da Coruña (BOP núm. 114 do 16/06/2023).

Así mesmo, as persoas aspirantes deberán realizar un recoñecemento médico obrigatorio que acredite que posúen as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas das prazas convocadas.

Os/as aspirantes aprobados que fixesen valer a súa condición de persoal con discapacidade na instancia, deberán acreditar a compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

Non poderán ser nomeadas funcionarias e quedarán sen efectos as actuacións relativas a aquelas persoas que non acrediten os requisitos esixidos na convocatoria ou que da consulta de datos ás Administracións Públicas se deduza que carecen dos devanditos requisitos.

As persoas que tivesen a condición de persoal funcionario de carreira estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración pública da que dependesen para acreditar esta condición.

Concluído o proceso selectivo, as persoas aspirantes que o superasen e acrediten en prazo, salvo causa de forza maior, o cumprimento dos requisitos esixidos na correspondente convocatoria, ou que da consulta dos datos das súas solicitudes ás Administracións Públicas resulte acreditado o cumprimento dos devanditos requisitos, serán nomeadas persoal funcionario de carreira pola autoridade competente.

A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base 6.

A adxudicación de postos de traballo efectuarase segundo as peticións das persoas interesadas entre os postos que se lles oferten de acordo coa puntuación sinalada na base 6, sempre que reúnan os requisitos obxectivos determinados para cada posto na relación de postos de traballo.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario de carreira nas prazas obxecto desta convocatoria mediante resolución da autoridade competente.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da publicación da resolución do nomeamento no BOP; de non o facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas non poderán adquirir a condición de persoal funcionario.

## 8. ELABORACIÓN DE LISTAXES DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO

Elaborarase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que, superando algún dos exercicios da fase de oposición, non obtivesen praza, para a cobertura temporal de prazas por persoal funcionario interino nas circunstancias reguladas no artigo 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A orde de prelación destas persoas na dita listaxe establecerase de acordo co resultado da suma das puntuacións obtidas nos exercicios superados da fase de oposición.

**TEMARIO****PARTE COMÚN**

**TEMA 1.-** A Constitución Española. Estrutura. Os principios constitucionais: o Estado social e democrático de Dereito. Os valores superiores na Constitución española. Título preliminar. Os dereitos e deberes fundamentais, as súas garantías e suspensión. As Cortes Xerais. A reforma constitucional.

**TEMA 2.-** O Goberno: Composición e funcións. Relacións entre o Goberno e as Cortes Xerais. Órganos constitucionais de control: o Tribunal de Contas e o Valedor do pobo. A función consultiva.

**TEMA 3.-** A Constitución Española. Os principios reitores da política social e económica. Economía e Facenda. O modelo económico na Constitución española. A constitucionalización do principio de estabilidade orzamentaria.

**TEMA 4.-** A organización territorial do Estado. Réxime de competencias: sistema de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas: competencias exclusivas, compartidas, concorrentes, de desenvolvemento e de execución. O Estado das Autonomías. Os Estatutos de Autonomía. Relación entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

**TEMA 5.-** O Poder Xudicial: regulación constitucional da xustiza. Ordes xurisdiccionais e órganos xudiciais. O Tribunal Constitucional. Recurso de inconstitucionalidade e cuestión de inconstitucionalidade. O recurso de amparo.

**TEMA 6.-** O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e procedemento de reforma. Título preliminar. O poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración de Xustiza en Galicia. As competencias de Galicia.

**TEMA 7.-** As fontes do ordenamento xurídico I. Teoría xeral e regulación no Código Civil. Articulación do sistema de fontes: principio de xerarquía e competencia. A lei e normas con rango de lei: concepto e clases; tipos, elaboración e aprobación. Os tratados internacionais e o dereito da Unión Europea. As relacións entre o ordenamento estatal e os ordenamentos autonómicos.

**TEMA 8.-** As fontes do ordenamento xurídico II. O regulamento: concepto e clases. A potestade regulamentaria. Procedementos de elaboración. Límites e control da potestade regulamentaria.

**TEMA 9.-** A Administración Pública e o Dereito. O principio de legalidade na Administración. As potestades administrativas. Potestade regradas e discrecionais: discrecionalidade e conceptos xurídicos indeterminados. Límites da discrecionalidade. Control xudicial da discrecionalidade. A desviación de poder.

**TEMA 10.-** A Unión Europea. O Consello europeo, o Consello, a comisión europea, o Parlamento europeo, o Tribunal de xustiza da Unión Europea: composición, competencias e funcionamento. O Congreso de Poderes Locais e Rexionais de Europa.

**TEMA 11.-** O dereito da Unión Europea. Fontes. As directivas e os regulamentos comunitarios. As decisións, recomendacións e ditámenes. O procedemento lexislativo da Unión Europea. Relacións entre o dereito da Unión Europea e os ordenamentos xurídicos internos. Dereito da Unión Europea e dereito español. Relacións coas Comunidades Autónomas e as Entidades locais.

**TEMA 12.-** Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Título Preliminar: Disposicións xerais. A Administración Xeral do Estado. Organización e funcionamento do sector público institucional. Relacións interadministrativas.

**TEMA 13.-** A administración local na Constitución e nos Estatutos de Autonomía. O principio da autonomía local. A Carta Europea da autonomía local. Regulación básica do Estado e normativa das Comunidades Autónomas en materia de réxime local. A incidencia da lexislación sectorial sobre o réxime local.

**TEMA 14.-** Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Disposicións xerais. A provincia. Outras entidades locais. A información e participación cidadá. A federación española e municipios e provincias.

**TEMA 15.-** Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Disposicións xerais. O municipio: Territorio. Competencias. Os réximes municipais especiais. Outras entidades locais: Áreas metropolitanas. Mancomunidades de municipios. Consorcios locais. Entidades locais menores. As agrupacións de municipios. A Federación galega de municipios e provincias.

**TEMA 16.-** Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento de datos. Réxime sancionador. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Transparencia da actividade pública.

**TEMA 17.-** Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Obxecto, ámbito de aplicación e definicións. Dereitos e obrigas. Servizos de prevención. Consulta e participación dos traballadores.

**TEMA 18.-** Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade. Lei 7/2023, de 30 de

novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: As condicións de emprego en igualdade na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e no sector público autonómico

#### PARTE ESPECÍFICA

**TEMA 1.-** Contratos do sector público (I). Delimitación dos tipos contractuais. Prazo de duración do contrato e execución da prestación. Contido mínimos dos contratos. Acreditación da aptitude para contratar.

**TEMA 2.-** Contratos do sector público (II). Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público.

**TEMA 3.-** Contratos do sector público (III). Da preparación dos contratos das Administracións públicas: expediente de contratación, prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Elaboración e contidos dos pregos de prescricións técnicas particulares. Competencias en materia de contratación e normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

**TEMA 4.-** Contratos do sector público (IV). Adxudicación dos contratos das Administracións públicas: normas xerais e procedementos de adxudicación.

**TEMA 5.-** Contratos do sector público (V). Efectos dos contratos. Prerrogativas da Administración pública nos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación.

**TEMA 6.-** O contrato de subministración: regulación, execución, cumprimento e resolución do contrato de subministración. O contrato de servizos: disposicións xerais, execución e resolución dos contratos de servizos. Contratos menores.

**TEMA 7.-** A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (I): Título preliminar, Título I, Título II e Título III.

**TEMA 8.-** A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (II): Título IV, Título V, Título VI e Título VII

**TEMA 9.-** A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (II): Título VIII, Título IX, Título X e disposicións adicionais, transitorias, derogatoria e derradeiras.

**TEMA 10.-** Decreto 246/2011, do 15 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no relativo aos órganos consultivos e de participación.

**TEMA 11.-** O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. (I). Capítulos I, II, III e IV.

**TEMA 12.-** O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. (II). Capítulos V, VI, VII e VIII. Disposicións adicionais, transitorias, derogatorias e finais.

**TEMA 13.-** O financiamento dos servizos sociais municipais e a cooperación entre as administracións: o Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais. Convenio entre o Ministerio de Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais das corporacións locais (BOE núm. 163 do 08/07/1988).

**TEMA 14.-** O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia: Disposicións xerais e o Rexistro Único de entidades prestadoras de servizos sociais.

**TEMA 15.-** O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia: as autorización. A acreditación.

**TEMA 16.-** O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia. A inspección dos servizos sociais. Disposicións adicionais e transitorias.

**TEMA 17.-** Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

**TEMA 18.-** A Orde do 18 de agosto de 2000, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se aproba o Estatuto básico dos centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

**TEMA 19.-** O Decreto 40/2014, do 20 de marzo, polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus estatutos. O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

**TEMA 20.-** A historia social única electrónica. O Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica.

**TEMA 21.-** Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social: Capítulo IV: Acción protectora da Seguridade Social.

**TEMA 22.-** A Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital (IMV): Disposicións Xerais; ámbito subxectivo de aplicación; acción protectora; procedemento; as obrigas das persoas beneficiarias do IMV.

**TEMA 23.-** A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia: título preliminar, título I e título II.

**TEMA 24.-** O Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regulan o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos.

**TEMA 25.-** O Decreto 149/2013, de 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu custo: título I, título II e título III.

**TEMA 26.-** Persoas con discapacidade e diversidade funcional: Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral dos dereitos das persoas con discapacidade y da súa inclusión social.

**TEMA 27.-** Persoas con discapacidade e diversidade funcional. Convención da ONU sobre dereitos das persoas con discapacidade.

**TEMA 28.-** As persoas maiores. Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.

**TEMA 29.-** As persoas maiores. Envellecemento activo e saudable: ESGAEN – Estratexia galega de envellecemento activo desde a innovación 2016-2020.

**TEMA 30.-** Resolución de 28 de xullo de 2022, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, sobre criterios comúns de acreditación e calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

**TEMA 31.-** A Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil.

**TEMA 32.-** A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: Título Preliminar. Título I.

**TEMA 33.-** A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia: Título II: De la infancia y la adolescencia.

**TEMA 34.-** A Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

**TEMA 35.-** O Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia.

**TEMA 36.-** A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

**TEMA 37.-** Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: Título Preliminar. Título I: Renda de Inclusión social de Galicia (RISGA)

**TEMA 38.-** Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: Título II: Axudas de inclusión social.

**TEMA 39.-** A Ordenanza municipal reguladora da Renda Social Municipal do Concello da Coruña.

**TEMA 40.-** A Ordenanza municipal de emerxencia social do Concello da Coruña.

**TEMA 41.-** O Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión.

**TEMA 42.-** A Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.

**TEMA 43.-** Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: Título Preliminar. Título I e II.

**TEMA 44.-** Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Título III, IV e VI

**TEMA 45.-** A Ordenanza municipal da Coruña para a igualdade na diversidade.

**TEMA 46.-** O IV Plan de igualdade do Concello da Coruña.

**TEMA 47.-** Violencia de xénero: Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

**TEMA 48.-** Violencia de xénero: normativa autonómica. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

**TEMA 49.-** Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento; Protocolo de acceso á rede de acollida; axudas de emerxencia e programas de recuperación integral.

**TEMA 50.-** Violencia sexual e trata de seres humanos con fins de explotación sexual: Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

**TEMA 51.-** Dereito á igualdade de trato a á non discriminación: Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación.

**TEMA 52.-** Diversidade e inclusión social: Lei 4/2023 de dereitos das persoas trans e do colectivo LGTBI.

**TEMA 53.-** Réxime xurídico das subvencións e convenios nominativos no ámbito municipal (I): Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

**TEMA 54.-** Réxime xurídico das subvencións e convenios nominativos no ámbito municipal (II): Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**TEMA 55.-** Réxime xurídico das subvencións e convenios nominativos no ámbito municipal (III). Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**TEMA 56.-** Réxime xurídico das subvencións e convenios nominativos no ámbito municipal (IV). Ordenanza Municipal das bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos.

**TEMA 57.-** Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño (LOPIVI), de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia: Título preliminar, Título I y II

**TEMA 58.-** Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño (LOPIVI), de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia: Título III, con especial referencia á actuación dos servizos sociais.

**TEMA 59.-** Absentismo, fracaso escolar e violencia no ámbito educativo: Protocolo Educativo para a Prevención e ou Control do Absentismo Escolar en Galicia. Protocolo de actuación contra a violencia na infancia e na adolescencia no ámbito educativo (publicado en outubro 2025).

**TEMA 60.-** Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014–2020 e novas liñas estratéxicas 2023–2030: eixes de actuación transversais e sectoriais para a loita contra a pobreza e a exclusión (emprego inclusivo, educación, vivenda, saúde...).

**TEMA 61.-** Protección xurídica de adultos vulnerables: mecanismos legais de apoio a persoas con a capacidade xurídica modificada por resolución xudicial. Procesos de incapacitación e Lei 8/2021, do 2 de xuño, pola que se reforman a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade.

**TEMA 62.-** Lei 12/2023, do dereito á vivenda.

**TEMA 63.-** Medidas autonómicas da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e normativa estatal de suspensión de lanzamentos para fogares vulnerables.

**TEMA 64.-** A Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

**TEMA 65.-** Normativa autonómica en materia de voluntariado. A Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

**TEMA 66.-** Dereito de asociación. Ley Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

**TEMA 67.-** Entidades do Terceiro Sector (I): Lei 43/2015, do 9 de outubro, do Terceiro Sector da Acción Social.

**TEMA 68.-** Entidades do Terceiro Sector (II) Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sin fines lucrativos.

**TEMA 69.-** A Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia: disposicións xerais, entidades da economía social. O Consello da Economía Social de Galicia.

**TEMA 70.-** Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

**TEMA 71.-** Réxime xurídico sobre a tramitación de espectáculos públicos e actividades recreativas e comerciais en espazos **públicos a iniciativa particular. Instrucións do Concello da Coruña**

**TEMA 72.-** A Directiva 2004/38/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004 relativa ao dereito dos cidadáns da Unión e dos membros das súas familias a circular e residir libremente non territorio dos Estados membros: obxecto, definicións e beneficiarios, o dereito de residencia.

**TEMA 73.-** O Real Decreto 240/2007, de 16 de febreiro, sobre a entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da UE e doutros Estados parte non Acordo sobre o Espazo Económico Europeo: Entrada e saída, estancia, residencia, mantemento do dereito de residencia.

**TEMA 74.-** Lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria.

A Coruña, 24 de marzo de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, RD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas